



**D.<sup>a</sup> VIRGINIA FRAGA DIAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)**

**CERTIFICA:**

Que a Alcaldía, con data de 3 de xullo de 2019, ditou a seguinte Resolución:

---

**RESOLUCIÓN DA ALCALDIA**

**ASUNTO:** NOMEAMENTO DE TENENTE DE ALCALDE  
**EXPEDIENTE:** 2019/G003/000520

Unha vez celebradas as eleccións locais o pasado día 26 de maio, e constituído o novo concello, o día 15 de xuño, resulta necesario proceder ao establecemento da organización municipal, en particular polo que se refire á designación dos Tenentes de Alcalde.

Considerando que de conformidade co disposto nos artigos 4 e 8 do Regulamento orgánico municipal (ROM), artigos 20.1.a), 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), artigo 46 do R. D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o nomeamento dos Tenentes de Alcalde é competencia desta alcaldía.

Considerando que, de acordo co artigos 8 ROM, 23 LRBRL e 46 do ROF, o nomeamento dos Tenentes de Alcalde debe facerse entre os membros da Xunta de Goberno Local e visto o Decreto de 03/07/2019 (res 522/2019), onde se nomean os membros da Xunta de Goberno Local.



En virtude do exposto e en uso das atribucións que me confire a normativa citada,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Nomear como Primeira Tenente de Alcalde a Dona Uxía Lemus de la Iglesia, membro da Xunta de Goberno Local.

**Segundo.-** Corresponde á Primeira Tenente de Alcalde, en canto tal, substituír na totalidade das súas funcións ao alcalde, nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

**Terceiro.-** Notificar este Decreto á Primeira Tenente de Alcalde nomeada, facéndolle constar que terá que manter informada á alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcaldesa accidental, non podendo no citado exercicio, nin modificar as delegacións xa efectuadas pola alcaldía con anterioridade, nin outorgar outras novas.

**Cuarto.-** Da presente resolución darase conta ao Pleno do Concello na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto polo artigo 38 do ROF, notificándose, ademais, persoalmente á nomeada, e publicárase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na web municipal, ser prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente resolución.

---

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo, na data que figura na marxe.

Vº e Praxe  
O alcalde

Rafael Carlos Sisto Edreira

A secretaria xeral

Virginia Fraga Diaz